



## FONSECA

### Blog da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela

Posted by [Fonseca](#) · 22 Outubro 2020

[Fonte: [busc.wordpress.com](#). Data de descarga: 09-03-2023]

## **Bonhomía**

MARIVÍ PARDO GÓMEZ

**Bonhomía**, do francés “bonhomie” : “afabilidade, sencillez, bondad y honradez en el carácter y en el comportamiento”, [palabra incorporada ao Dicionario da RAE en 1927](#), un ano antes do nacemento en Santiago de Compostela da nosa querida compañeira Daría Vilariño.

Escollín esta palabra porque pensó que define moi axustadamente a súa personalidade. As/os que a coñeceron seguro que estarán de acordo conmigo no termo escollido; quen non a coñeceu poderá facerse unha idea de como foi a persoa que traballou e traballou para que a [Biblioteca Universitaria de Santiago](#) fora o que é hoxe. A biblioteca actual non é o que ela atopou no ano 1959 cando, despois dun breve paso pola Biblioteca Pública da cidade, comezou a súa longa andaina na USC.

A situación das Universidades, e polo tanto das bibliotecas universitarias nos anos 50 e 60, era moi similar en todo o país. O traballo dos profesionais era moi ingrato, tentando conformar o que practicamente non existía. Os anos setenta e oitenta supuxeron o comezo do cambio para todas as bibliotecas universitarias españolas, gracias por riba de todo á tarefa de profesionais que, como Daría,

perseguiron a súa transformación e mesmo en moitos casos e aínda que custe crelo, a súa creación : ata entón o concepto “biblioteca universitaria” era iso, un concepto, pero non unha realidade.

No caso da Universidade de Santiago, no ano 1979 cubríronse as primeiras oito prazas de Axudantes de Arquivos, Bibliotecas e Museos. No ano 1983 logrouse a convocatoria de 40 bolsas que, no ano 1985, se transformarían en 40 prazas, tamén de Axudantes. Teño que lembrar aquí, é de xustiza facelo, ao entón Xerente da Universidade, Dositeo Rodríguez, morto este mesmo ano pola maldita pandemia. O entón xerente deixouse convencer , non sen varias longas sesións de “amenas” discusións, para semellante “dislate de ampliación”, palabras textuais.

Son os anos do primeiro Regulamento, da creación da Comisión da BUSC, da concreción das distintas unidades bibliotecarias : todo apoiado polo traballo dun persoal excelente e motivado, aglutinado ao redor da Dirección, ao carón de Daría Vilariño. Máis tarde, nos noventa, viría o comezo e o desenvolvemento da automatización dos procesos e servizos da biblioteca. Daría xubilouse, por imperativo legal, no ano 1993, pero como ela decía “no momento xusto”: as chamadas entón “novas tecnoloxías” non casaban moito co seu espírito, aínda así sempre quixo saber e estar ó tanto dos avances da Biblioteca nesta nova andaina. Pero, sobre todo, sempre quixo saber de nós, de todas/os os que fomos e seguimos a ser as/os seus compañeiras/os ata o día que nos deixou.

No ano da súa xubilación foi distinguida coa Medalla de Galicia e, poco despois, [nomeada no primeiro Día da Muller Traballadora](#) instituído polo Concello de Santiago. A súa curiosidade mantívose ata o final, máis que ler pode decirse que “diseccionaba” cada día *El Correo Gallego*, recortaba todo o que lle chamaba a atención e nolo comentaba nas sesión do café dos xoves, soamente interrompidas polo confinamento. As palabras foron sempre una das súas máis prezadas querenzas, por iso comecei esta lembranza cunha palabra que estou certa que lle gustaría, “bonhomía”, e quero rematala con outra que sei que nos sae de dentro: “Grazas”, Daría.